



## Expediente 117/2019

### INFORME DE INTERVENCIÓN- TESOURERÍA

En cumprimento do establecido no artigo 3.3.a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte, **INFORME**, en relación ó requerimento formulado pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia o 29 de maio de 2019, reiterado o 16 de outubro de 2019,

O 29 de maio de 2019, a Consellería de Facenda, solicitou deste concello a adopción de acordos de non dispoñibilidade de créditos por valor de 126.356,34 €, como consecuencia do resultado da liquidación orzamentaria do ano 2018 e o conseqüente incumprimento do PEF aprobado para os exercicios 2018/2019.

Neste concello produciuse un cambio de equipo de goberno como consecuencia das eleccións municipais celebradas o 26 de maio de 2019. No momento de recibir o primeiro requerimento da Xunta de Galicia o goberno municipal estaba en funcións e polo tanto non era posible adoptar este tipo de medidas nesas circunstancias.

O novo equipo de goberno, de diferente signo político que o goberno anterior, necesitou un tempo para estudar a situación económica do concello e dende o primeiro momento adoptaron medidas de control do gasto dados os resultados tan preocupantes que advertiron coa visión preliminar e global da situación.

Recibido neste mes de outubro a reiteración do requerimento da Xunta de Galicia en relación a estes acordos de non dispoñibilidade de créditos, solicitan o meu informe para tratar de ver si algunha actuación ó respecto é posible e cales serían as medidas a curto prazo que poderían adoptar neste sentido.

Polo tanto, á hora de realizar o meu informe, vou tratar de clarificar cal era a situación orzamentaria a 29 de maio de 2019 (data do primeiro requerimento) e cal é a situación actual (data o 16 de outubro) e como conclusión as posibilidades reais de poder facer algún axuste á baixa nos créditos orzamentarios deste ano 2019.

### SITUACIÓN ORZAMENTARIA A 26 DE MAIO DE 2019.

#### **I.- CAPITULOS I, III E IX (Persoal, gastos financeiros e amortización de débeda).**

No orzamento deste ano 2019 hai varios capítulos que non poden ser axustados á baixa como o capítulo 1 de persoal, o 3 de gastos financeiros e o 9 de pasivos financeiros, xa que os tres son créditos preferentes e obrigatorios para o concello e están orzamentados de forma moi axustada polo que non existe previsión de remanentes importantes en ningún deles a fin de ano.

A 29 de maio a execución destes capítulos era a seguinte:





CAPITULO	Previsións iniciais	Previsions definitivas	Obrigas recoñecidas
I	1.596.150,39	1.765.664,76	680.976,57
III	29.000	29.000	18.878,88
IX	347.122,20	347.122,20	173.561,10
Totais	1.972.272,59	2.141.786,96	873.416,55

Estes tres capítulos xa supoñen un 46,51 % do orzamento municipal definitivo neste momento.

## II.- CAPITULO IV. (Transferencias correntes)

No orzamento están previstos 41.100 € para transferencias correntes, distribuídos do seguinte xeito:

- 6.000 € para as aportacións á Mancomunidade de municipios da Mariña Lucense da que este concello forma parte e coa que ten unhas obrigas económicas que non se poden anular. A 29 de maio estaban xa recoñecidos e pagados créditos por importe de 4.960,35 €.

- Cuotas da FEMP e da FEGAMP: están previstos no orzamento 500 €. A 29 de maio xa estaban aprobados e pagados 289,7 €

- Subvencións nominativas previstas no orzamento (34.600 €) :

- Iberia, C.F.: 2.000 € (Xa recoñecida o 29 de maio de 2019).

- Club Futbol Celta Barreiros: 2.000 € (Xa recoñecida o 29 de maio de 2019).

- Asociación Folclórica Arco da Vella: 4.500 € (Xa recoñecida o 29 de maio de 2019).

- Comisión de Festas de San Bartolo: 1.500 € (Xa recoñecida o 29 de maio de 2019).

- Educando en Familia: 3.000 €.

- Futbol sala “Praias de Barreiros”: 600 € (Xa recoñecida o 29 de maio de 2019).

- Escolas Deportivas de Barreiros: 15.000 € (Xa recoñecida o 29 de maio de 2019 e pagada xa o 50%).

- Asimismo orzamentase unha contía global de 6.000 € para subvencionar ás Asociacións ou Comisións de Festas a instalación eléctrica que podan precisar para celebrar a festa correspondente. A contía máxima será de 300 € por festa e a 29 de maio non había nada recoñecido por este concepto.

Polo tanto a 29 de maio de 2019, neste capítulo había xa recoñecidos 25.600 €, quedando dispoñibles 9.000 €.





## III.- CAPITULO VI (Inwestimentos).

O cadro de investimentos que acompaña ó orzamento é o seguinte:

partida	PROXECTO	TOTAL	R. X.	ING. AFEC.	CRED.
150.600	<b>Investimentos en terreos</b>	1.000	1.000		
152.632	<b>Investimentos en edificios publicos</b>	87.665,93	37.533,19	50.132,74	
160.621	<b>Expropiacion terreos EDAR</b>	14.000,00	14.000,00		
161.622	<b>Investimento rede abastecemento</b>	92.326,78		92.326,78	
165.623	<b>Investimento alumeado publico</b>	28.000,00	28.000,00		
453.619	<b>Investimento en camiños publicos</b>	51.125,02	51.125,02		
453.619.01	<b>Reurbanizacion N-634 San Miguel</b>	231.679,22		231.679,22	
<b>SUMA</b>		505.796,95	131.658,21	374.138,74	-

Deste gasto total, os investimentos que afectarían a nivel da regra do gasto serían os financiados con fondos propios.

A 29 de maio a execución deste capítulo era a seguinte, unha vez realizadas varias modificacións orzamentarias de xeracións de crédito, incorporacións de remanentes e transferencias de crédito dentro da mesma Area de gasto:

CAPITULO	Previsións iniciais	Previsions definitivas	Obrigas recoñecidas
VI	505.796,95	859.051,52	183.699,88

Destas obrigas recoñecidas, financiáronse con fondos propios un total de 122.368,85 €. Cabe indicar neste punto que das obrigas xa recoñecidas inclúense gastos correspondentes a investimentos do ano 2018 que non puideron aprobarse por falta de crédito e que se aprobaron mediante recoñecemento extraxudicial de crédito polo pleno con cargo a este ano 2019, por importe de 39.539,12 €, todos financiados con fondos propios.

Ademais había unha serie de gastos xa comprometidos en proceso de licitación ou adjudicación in da que non executados que ascenderían a 603.175,17 €, dos que se financiarían con fondos propios a contía de 36.759,31 €.





Tamén é importante sinalar a estes efectos, que a data de 29 de maio de 2019 existían facturas de investimentos recibidas e conformadas que non foran aprobadas por non contar con crédito suficiente nas partidas correspondentes por importe de 120.032 €.

## IV.- CAPITULO II (Gastos correntes).

A 29 de maio a execución deste capítulo era a seguinte, unha vez realizadas varias modificacións orzamentarias de xeracións de crédito, incorporacións de remanentes e transferencias de crédito dentro da mesma Area de gasto:

CAPITULO	Previsións iniciais	Previsions definitivas	Obrigas recoñecidas
II	1.546.069,20	1.560.322,51	1.236.163,53

Considero importante indicar neste punto que dentro desa contía tamén se recoñeceron extraxudicialmente polo pleno obrigas correspondentes a investimentos do ano 2018 que non puideron aprobarse por falta de crédito e que se aprobaron con cargo a este ano 2019, por importe de 526.502,57 €, todas financiadas con fondos propios.

Tamén é importante sinalar a estes efectos, que nesa data existían facturas de gastos correntes recibidas e conformadas que non foran aprobadas por importe de 129.155,33 €

## SITUACIÓN ORZAMENTARIA A 16 DE OUTUBRO DE 2019.

### I.- CAPITULOS I, III E IX (Persoal, gastos financeiros e amortización de débeda).

A 16 de outubro a execución destes capítulos é a seguinte:

CAPITULO	Previsións iniciais	Previsions definitivas	Obrigas recoñecidas
I	1.596.150,39	1.838.044,04	1.428.521,99
III	29.000	40.197,91	28.586,14
IX	347.122,20	347.122,20	260.341,65
Totais	1.972.272,59	2.225.364,15	1.717.449,78

Estes tres capítulos supoñen actualmente un 44,23 % do orzamento municipal.

### II.- CAPITULO IV. (Transferencias correntes)

No orzamento están previstos 41.100 € para transferencias correntes, distribuídos do seguinte xeito:

- Dos 6.000 € orzamentados para as aportacións á Mancomunidade de municipios da Mariña Lucense quedaba un remanente de 1.039,65 €. Sen embargo, a día de hoxe existe unha liquidación dunha aportación municipal extraordinaria por importe de 2.443,79 €, polo habería que tirar da bolsa de vinculación que a día de hoxe ten dispoñibles 3.676,73 €, co cal quedaría un remanente final (xa que non se esperan máis gastos nestas partidas) de **1.232,94 €**





- Subvencións nominativas previstas no orzamento (34.600 €) :
  - Iberia, C.F.: 2.000 € (Xa recoñecida o 29 de maio de 2019).
  - Club Futbol Celta Barreiros: 2.000 € (Xa recoñecida o 29 de maio de 2019).
  - Asociación Folclórica Arco da Vella: 4.500 € (Xa recoñecida o 29 de maio de 2019).
  - Comisión de Festas de San Bartolo: 1.500 € (Xa recoñecida o 29 de maio de 2019).
  - Educando en Familia: 3.000 €. (Recoñecida a 16 de outubro de 2019).
  - Futbol sala "Praias de Barreiros": 600 € (Xa recoñecida o 29 de maio de 2019).
  - Escolas Deportivas de Barreiros: 15.000 € (Xa recoñecida o 29 de maio de 2019 e pagada xa o 50%).
  - Da contía global de 6.000 € para subvencionar ás Asociacións ou Comisións de Festas a instalación eléctrica que podan precisar para celebrar a festa correspondente a día de hoxe hai recoñecida unha contía de 3.430,07 €. Esta contía non debería incrementarse moito xa que ata fin de ano non se suelen celebrar máis festas, podendo aparecer algunha solicitude máis de festas xa celebradas pero que aínda non presentasen a documentación correspondente para o cobro da subvención, para o cal quedarían dispoñibles 2.569,93 €.

Polo tanto a día de hoxe, neste capítulo quedan dispoñibles **3.802,87 €**.

### III.- CAPITULO VI (Investimentos).

A 16 de outubro de 2019 a execución deste capítulo é a seguinte, unha vez realizadas varias modificacións orzamentarias de xeracións de crédito, incorporacións de remanentes e transferencias de crédito dentro da mesma Area de gasto:

CAPITULO	Previsións iniciais	Previsions definitivas	Obrigas recoñecidas
VI	505.796,95	1.204.082,16	418.526,45

Desas obrigas recoñecidas, financiáronse con fondos municipais 135.755,18 €.

Dentro desas previsións definitivas están financiadas con subvencións finalistas e xa en proceso de licitación ou adxudicadas pendentes de finalización un total de 737.415,9 €, que non poden ser baixa, e dos cales o concello financia con fondos propios un total de 72.559,73 €.

Tamén é importante sinalar a estes efectos, a día de hoxe continúan existindo facturas de gastos de investimento recibidas e conformadas que non foron aprobadas por importe de 124.348,71 €





## IV.- CAPITULO II (Gastos correntes).

A 16 de outubro a execución deste capítulo é a seguinte, unha vez realizadas varias modificacións orzamentarias de xeracións de crédito, incorporacións de remanentes e transferencias de crédito dentro da mesma Area de gasto:

CAPITULO	Previsións iniciais	Previsions definitivas	Obrigas recoñecidas
II	1.546.069,20	1.558.624,60	1.382.667,92

Existen retencións de crédito de gastos correntes por importe de 44.947,90 €.

É importante sinalar que a día de hoxe o importe das facturas de gastos correntes recibidas e conformadas que non foron aprobadas aínda supoñen un importe de 586.484,57 €

### **RESUME E CONCLUSIÓN.**

- Os créditos previstos nos capítulos I, III e IX son necesarios e imprescindibles para atender os gastos prioritarios e obrigatorios de persoal, gastos financeiros e amortización de débeda polo que ditos créditos non se poderían minorar.

- No capítulo IV de transferencias correntes, tendo en conta as subvencións nominativas previstas no Orzamento e os convenios asinados coas distintas entidades, así como as liquidacións e cuotas remitidas pola Mancomunidade de municipios da Mariña Lucense, a FEMP e a FEGAMP, unicamente quedarían dispoñibles a día de hoxe 3.802,87 €.

- En canto ó capítulo VI de investimentos, a 29 de maio de 2019 xa se gastaran ou comprometeran os 859.051,52 € previstos en dito capítulo e 47.855,53 € máis que non terían partida para a súa aprobación.

- En canto ó capítulo II de gastos correntes, a 29 de maio de 2019 quedaba unicamente un remanente de 195.003,65 €.

- Ata o 16 de outubro de 2019 continuou a executarse o capítulo de investimentos na parte que xa estaba comprometida. A espera do resultado final da licitación e execución dos contratos o gasto con fondos propios municipal ata esta data neste capítulo foi de 208.314,91 €, superando en 76.656,70 € os previstos inicialmente no orzamento e que se dotaron mediante transferencias de crédito de partidas dispoñibles no seu momento.

- A 16 de outubro de 2019 queda un remanente no capítulo II de gastos correntes de 131.008,78 €, pero hai unha serie de facturas presentadas e conformada e pendentes de aprobar por importe de 586.484,57 €.

- Ata maio os gastos por investimentos reais (contando os recoñecidos, os comprometidos e os non aprobados pero que están conformados) foron de 906.907,05 € cunha aportación de fondos propios de 279.160,16. De maio a outubro os gastos reais en investimentos foron de 373.384,01 € cunha aportación de fondos propios de 53.503,46 €.

- Ata maio os gastos correntes reais (contando os recoñecidos, os comprometidos e os non aprobados pero que están conformados) foron de 1.365.318,86 €. De maio a outubro os gastos correntes reais foron de 648.781,53 €.





Destes 648.781,53 €, foron gastos correntes novos aprobados polo novo equipo de goberno 80.090,81 €, a contía restante derivan de contratos, compromisos ou prestacións realizadas antes do 29 de maio de 2019.

Con estes datos indicados está claro que o orzamento do ano 2019 estaba xa practicamente agotado o 29 de maio de 2019, cando aínda restaban sete meses de execución do mesmo, polo que naquelas datas non sería posible xa facer ningún tipo de declaración de non dispoñibilidade de créditos, e aínda que se fixeran non tería moita repercusión xa que o concello non podería deixar de prestar os servizos esenciais como a recollida de lixo ou o alumeadado público que xa supoñen unha contía de máis de 40.000 € mensuais, polo que, aínda que do 29 de maio en diante o concello non fixese ningún gasto corrente máis que estes dous que se acaban de indicar, xa excedería o orzamentado en gastos correntes en 84.996,35 €.

Do resume deduce que dende o mes de maio se produciu unha diminución importante do gasto, sobre todo do gasto corrente, xa que existe un control a través de retencións de crédito, que antes non existía. Sin embargo, existen moitos gastos correntes de gran contía que non se poden suprimir ou eliminar xa que nese caso o concello non podería seguir coa súa actividade normal nin podería prestar os servizos básicos e obrigatorios.

## **PROPOSTA DE ACTUACIÓN.**

Considero que se deberá comunicar á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos cal é a situación económica actual do concello, facéndolles chegar unha copia deste informe e coa cal se xustificaría a imposibilidade de ter realizado a partir do mes de maio ningún tipo de acordo de non dispoñibilidade, imposibilidade que se mantén a día de hoxe.

Tal e como se informou por esta secretaría-intervención con ocasión da aprobación da liquidación e da Conta Xeral do exercicio 2018, o concello estaría obrigado a elaborar un novo Plan Económico-Financeiro para os anos 2019-2020, adaptado as novas circunstancias económicas que xa son bastante peores que as que existían a finais do ano 2018. Na miña opinión, dadas as circunstancias actuais, ningún plan económico-financeiro será suficiente para reconducir a situación nin neste ano nin para o ano 2020.

Hai que ter en conta que, nas circunstancias actuais, inda que non se fixese ningún gasto máis que os xa realizados e os que obrigatoriamente se terán que realizar ata fin de ano para manter ó mínimo os servizos públicos, vai haber un montante de facturas sin aprobar por falta de crédito e que terán que aprobarse mediante recoñecemento extraxudicial en pleno, de preto de 1.000.000 €. Isto supón, que, sin facer nada máis, estaría agotado xa o orzamento deste ano 2019 e o orzamento do ano 2020, co cal a práctica totalidade dos gastos do ano 2020, por moito que se conseguisen reducir, quedarían igualmente sin aprobar, trasladándose de novo ó ano seguinte e sin posibilidade de reconducir a situación a pesar de que as intencións de control do gasto sexan correctas e se estean implementando xa. Tendo en conta ademais, que, aínda que se tomasen medidas de incremento dos ingresos as mesmas dificilmente poderían ter xa efectos para o ano 2020, si non que se empezaría a notar no ano 2021.





Indicar que este concello ten unha operación de crédito en vigor, derivada do Plan de Pago a Proveedores que se fixo no ano 2012 para pagar unha débeda pendente duns 2.500.000 €, que non se cancelaría ata o ano 2023, e que supón destinar unha contía anual duns 360.000 € a gastos financeiros e de amortización. Esta operación de crédito actualmente cumpre cos criterios de prudencia financeira e supón ó redor do 40% dos ingresos correntes liquidados no exercicio.

En calquera caso, na miña consideración deberán adoptarse de forma urxente medidas importantes en ingresos e gastos que por un lado garantan o pago da débeda existente e dos gastos de persoal, que continúen na senda actual de redución dos gastos correntes e tamén reducir ó mínimo os investimentos ata que as magnitudes orzamentarias e de tesourería do concello volvan a límites normais, considerando insuficiente o límite temporal 2019-2020 para que esto aconteza.

Non obstante, tamén se considera oportuno solicitar información da propia Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos das opcións que este concello podería ter para poder ampliar o prazo de vencemento da operación de crédito existente, xa que disminuir a contía a amortizar anualmente suporía un balón de osíxeno importante a estes efectos. Tamén se pode solicitar informe sobre a posibilidade de que se poda concertar unha nova operación de crédito para financiar gastos correntes obrigatorios no ano 2020, que debería estar cancelada antes das próximas eleccións xerais e que permitiría dar un pouco máis de marxe ó concello cos gastos correntes imprescindibles do ano 2020. Tamén se podería estudar si sería posible adherirse ó Fondo de Ordenación do Ministerio no ano 2020 e si esto podería redundar nunha mellora da situación económica municipal. Asimesmo tamén se pode pedir o asesoramento do Servizo de Cooperación cos Concellos da Deputación Provincial de Lugo nesta materia en canto ás medidas concretas que podería ser conveniente adoptar para acadar os resultados indicados.

É o que se informa sen prexuízo dun criterio mellor fundado xurídica e contablemente.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

